



NON Á REPRESIÓN SINDICAL!

INDULTO PARA OS COMPAÑEIROS CARLOS E SERAFÍN, CONDENADOS A 3 ANOS DE CÁRCERE POR PARTICIPAR NUN PIQUETE NA FOLGA DO TRANSPORTE DE 2008

Conforme se agravan as políticas de recortes e agresión contra os dereitos das clases populares, asistimos tamén á reiterada criminalización da resposta social, singularmente da de carácter sindical. É tamén crecente a represión contra quen, no exercicio de dereitos fundamentais, se revolve para esixir pacífica e democraticamente un cambio de rumbo, para demandar a mellora das condicións de vida e de traballo para a maioría social ou para denunciar os abusos e inxustizas que a clase traballadora padecemos, e que a vixente crise está a recrudecer.

No ano 2008, durante a negociación do Convenio Provincial de Transporte de Mercadorías da provincia de Pontevedra, os sindicatos CIG, CCOO e UGT convocamos unha folga para reivindicar a mellora das súas condicións. Durante a mesma algúns compañeiros foron identificados pola policía mentres actuaban como piquetes informativos e posteriormente denunciados. Cómpre lembrar que os piquetes son un instrumento lexítimo, que forma parte da historia do movemento obreiro e que en moitos casos permite liberar, coa forza da unión solidaria das nosa clase, aos planteis das coaccións e ameazas coas que a patronal pretende impedir que exerzan o seu dereito á folga.

Froito desa denuncia realizáronse varios xuízos cuxo resultado foi absolverlos de calquera dano a todos os efectos (ademais ningún traballador nin empresa presentou cargos nin culpou a estes compañeiros). Porén, un xulgado de Vigo considerou que Serafín Rodríguez Martínez (CIG) e Carlos Rivas Martínez (UGT) eran culpables dun delito contra os dereitos dos traballadores (art. 315.3 do Código Penal) e condenounos á pena máxima posible por ese delito: 3 anos de prisión.

¡3 anos de cadea por participar nun piquete, logo de demostrarse que eran inocentes de ter producido ningún dano! Unha sentenza abusiva que só pretende escarmentar e amedentrarnos para debilitar a nosa capacidade de resposta como clase. Unha vez máis, un tribunal ditando unha sentenza inxusta acaba exercendo a máis brutal represión sindical, malia que defender os dereitos da clase traballadora non é un delito. Mentres os verdadeiros delinquentes gozan da maior das impunidades e de todas as medidas de graza das altas esferas do poder, dous sindicalistas poden acabar en prisión.

Esta sentenza foi recorrida e, finalmente, solicitouse o indulto para ambos compañeiros. O Goberno español denegou o indulto, que non ten reparos en concederlle a corruptos e banqueiros, o que obriga a estes compañeiros e aos sindicatos CIG e UGT a solicitar un recurso de casación e un último intento de concesión dun indulto. Carlos e Serafín poderían recibir en calquera momento a orde de ingreso en prisión. Chamamos á clase traballadora da comarca de Vigo e ao conxunto do pobo a revolvemos contra esta inxustiza insoportable, esixindo do Goberno español do Partido Popular que acceda á solicitude de indulto e anule calquera orde de ingreso en prisión por esa condena.

Porque Carlos e Serafín somos todos, somos todas!

DEFENDER OS DEREITOS DA CLASE TRABALLADORA NON É DELITO!

MANIFESTACIÓN

DOMINGO 9 DE FEBREIRO, ÁS 11:30H
DESDE A PRAZA DOS CABALOS DE VIGO